

XOGANDO NO NADAL 2021

É un programa de conciliación no período de **vacacións escolares de Nadal do curso 21-22** no que os nenos e as nenas participantes farán actividades lúdico-deportivas e culturais relacionadas co Nadal.

Destinatarios: dirixido ao alumnado de 4º, 5º e 6º de E. Infantil, toda E. Primaria, e 1º da ESO.

Datas de celebración: realizarase no período de vacacións escolares de Nadal 2021: os días 22, 23, 24, 27, 28, 29, 30, 31 de decembro de 2021 e 3, 4, 5, e 7 de xaneiro de 2022, repartidos en dúas quendas:

- 1ª quenda: do 22 ao 31 de decembro de 2021 (8 días).

- 2ª quenda: do 3 ao 7 de xaneiro de 2021 (4 días) salvo o 6 de xaneiro que é festivo.

Os pai/nais ou titores/as poderán inscribir ao seu/súa fillo/ a, nunha soa quenda ou nas dúas.

Prazas: o número **mínimo** para poñer en marcha o programa de actividades **por quenda é de 20** e o número **máximo por quenda é de 84**.

(Quedan 3 prazas reservadas para os/as gañadores/as do concurso de Cartel de Reis 2022 organizado polo Concello de Cambre, de non ser solicitadas por estes/as quedarán dispoñibles para o resto dos/das solicitantes.)

Hai que ter en conta que a posta en marcha do “Xogando no Nadal 21” e as súas condicións estará supeditada ao protocolo COVID-19 que estea en vigor nas datas xustamente anteriores ao desenvolvemento das actividades. No caso de ter que modificar as actuais serán comunicadas aos/ás solicitantes, no seu momento.

Lugar de realización: realizarase no CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre.

A realización das actividades está supeditada á súa autorización polo Consello Escolar do centro.

Período de inscricións: irá do **15 ao 29 de novembro** de 2021 (ambos inclusive).

Documentación a presentar para a inscrición:

- No período de inscrición deberase presentar só:

- **Solicitud** de inscrición (segundo modelo normalizado) a descargar na páxina web municipal.
- Documentación acreditativa do **núm. IBAN** de conta bancaria onde se fará o cargo das actividades.
- **Documentación necesaria para xustificar a redución da/das cota/s** que solicite o interesado para as actividades: carné xove, carné OMIX, Título Familia Numerosa, última tarxeta do paro..etc..segundo corresponda a redución que solicite... e para a redución da cota da comida: a autorización Axencia Tributaria, Libro de familia e sentenza separación ou divorcio (de ser o caso) para a comprobación da renda da unidade familiar.

Esta documentación terase que presentar:

- Via telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre, ou
- En calquera dos rexistros de entrada municipais, para o que deberá solicitar cita previa chamando por teléfono ao núm.: 981 613 128.

- Só no caso de haber máis solicitudes que prazas (que será requerida polo Concello de Cambre de ser o caso), deberase presentar a seguinte documentación:

- **Informe da empresa** no que conste que o/a traballador/a vai traballar **nos días para os que solicita o campamento** para o/a seu/súa fillo/a, ou calquera outro documento que o acredite (un os dous proxenitores/as segundo corresponda) no caso de separación ou divorcio a persoa que estea co seu/súa fillo/a os días para **os que solicita o campamento**; no caso de autónomos o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e unha declaración xurada na que indique que vai traballar **nos días para os que solicita o campamento** para o/a seu/súa fillo/a.
- **Autorización** asinada polo/a solicitante e todos os membros da unidade familiar para que o concello de Cambre solicite o nivel de renda á Axencia Tributaria do ano 2020.
- **Libro de familia** completo, para saber cantos membros forman a unidade familiar.
- **No caso de separación ou divorcio**, sentenza de separación, convenio regulador onde indique a pensión de manutención que percibe polo/a seu fillo/a (de ser o caso).

Se xa presentou neste ano 2021: o Libro de Familia, a sentenza de separación, convenio regulador ou declaración xurada e o nº de IBAN, non será necesario que o presente de novo con esta solicitude, tan só deberá **indicalo na solicitude**.

O Concello de Cambre, poderá solicitar tanta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

Esta documentación terase que presentar:

- Via telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre, ou
- En calquera dos rexistros de entrada municipais, para o que deberá solicitar cita previa chamando por teléfono ao núm.: 981 613 128.

Selección dos/das participantes: Adxudicación directa, **se non** hai máis solicitudes que prazas.

Se houbera máis solicitudes que prazas farase unha valoración de solicitudes tendo en conta os seguintes criterios:

- 1º.- Empadramento: terán preferencia en primeiro lugar os nenos e as nenas empadroados/as en Cambre, logo os que os seus/súas pais/nais ou titores/as traballen no municipio de Cambre e por último os nenos e as nenas empadroados/as noutros municipios.

- 2º. - Situación laboral: terán preferencia:
 - o en primeiro lugar: se os/as dous/dúas proxenitores/as **traballan nos días para o que solicita o campamento**; no caso de ser monoparental se o seu proxenitor/a traballa **nos días para o que solicita o campamento**; no caso de separación ou divorcio se traballa **nos días para o que solicita o campamento** o/a proxenitor/a que ten ao seu cargo o/ a seu/ súa fillo/a.
 - o en segundo lugar: se un/unha proxenitor/a traballa **nos días para o que solicita o campamento** e o outro/a non.
 - o en terceiro e último lugar: cando non traballa ningún dos proxenitores/as.

- 3º.- No caso de empate, terase en conta o nivel de renda per cápita anual da unidade familiar do ano 2020 e terán preferencia o que teña menor nivel de renda per cápita anual en diante.

Para xustificar a situación laboral deberán presentar cando se lle requira dende o concello de Cambre un informe da empresa no que conste a quen lle corresponda que **ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a**, ou calquera outro documento que o acredite; no caso de autónomos o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e declaración xurada que indique que **ten que traballar os días nos que solicita o campamento** para o/a seu/súa fillo/a.

Solicitudes presentadas fóra do prazo: A orde das solicitudes presentadas fora de prazo virá determinada segundo a data de inscrición.

Lista de agarda: Se hai máis solicitudes que prazas, elaborárase unha lista de agarda segundo a valoración de solicitudes feita. No caso de haber baixas dos/das participantes admitidos/as, irase chamando por orde da lista de agarda para darlle de alta se segue interesado/a en participar.

Datas de publicacións de admitidos e lista de agarda:

CASO 1.- Se non se reciben máis solicitudes que prazas:

Se non se reciben máis solicitudes que prazas no periodo de inscrición, a **relación inicial de admitidos/as** cos servizos que inicialmente poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas **publicarase a partir das 13 horas do 2 de decembro de 2021** na páxina web municipal ou se poderá chamar ao concello de Cambre (concellería de Educación) no nº de tf.: 981 613 291.

A baixa ou cambio de modalidade solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais solicitando cita previa ou por correo electrónico (educacion@cambre.org) **ata as 23:59 horas do 13 de decembro de 2021** logo desas datas procederase igualmente ao cobro da actividade, agás causa de forza maior e xustificada.

Haberá unha **publicación definitiva** de lista de participantes admitidos/as e lista de agarda e os servizos definitivos que van realizarse **a partir das 13 horas do día 17 de decembro de 2021** na páxina web municipal, xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial poden variar.

CASO 2.- Se se reciben máis solicitudes que prazas:

Se se reciben máis solicitudes que prazas no periodo de inscrición, realizarase **valoración das solicitudes presentadas**. Para o que **a partir do 1 de decembro** requirirase por notifica.gal ou no seu defecto por correo postal a documentación necesaria, mencionada anteriormente.

Esta documentación para a súa valoración a terán que presentar, logo do requerimento (que poderá ser por notifica.gal ou no seu defecto por correo postal):

- Via telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre, ou
- En calquera dos rexistros de entrada municipais, para o que deberá solicitar cita previa chamando por teléfono ao núm.: 981 613 128.

Os pais, nais ou titores/as deberán mirar na páxina web municipal ou chamar ao Concello de Cambre (Concellería de Educación 981 613 291) **a partir das 13 horas do día 16 de decembro de 2021** para coñecer a **relación inicial de admitidos** e os servizos que inicialmente poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas. Esta información pode variar logo das baixas ou cambio de modalidade que se comuniquen por parte dos participantes admitidos/as.

A baixa ou cambio de modalidade solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais solicitando cita previa ou por correo electrónico (educacion@cambre.org) **antes das 23:59 horas do o 20 de decembro de 2021**, logo desas datas procederase igualmente ao cobro da actividade, agás causa de forza maior e xustificada.

Haberá unha **publicación definitiva** de lista de participantes admitidos/as e lista de agarda e os servizos definitivos que van realizarse **a partir das 13 horas do día 22 de decembro de 2021** na páxina web municipal xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial poden variar.

Prazas mínimas e máximas para que se leven a cabo os servizos:

SERVIZOS	Mínimo por quenda	Máximo por quenda
Mañanceiro (7:30-9:30 h)	10	84
Almorzo no Mañanceiro	10	
Actividades (9:30-13:30 h)	20	
Comida (13:30-16:30 h)	25	
Transporte	10	

IMPORTANTE: Os servizos complementarios de Mañanceiro (almorzo), comida e transporte poden ou non poñerse en marcha en función da demanda existente para cada un deles. Na publicación da **relación definitiva** de participantes indicarse cales servizos se poñerán en marcha.

Se non houbera as solicitudes suficientes para poñer en marcha o servizo de comida, as actividades rematarían ás 14:30 h e o autobús saíría a esa hora. Habería atención aos participantes que os vaian a recoller ao centro de 14:30 a 15:00 h, e o importe sería o que corresponda polo número de horas segundo a modalidade elixida.

Servizos e prezos:

SERVIZOS	1ª QUENDA	2ª QUENDA
	(DO 22 AO 31 DECEMBRO)	(DO 3 AO 7 XANEIRO)
	8 DÍAS	4 DÍAS
	IMPORTE TOTAL	IMPORTE TOTAL
Mañanceiro (con ou sen almorzo e sen transporte de ida nin de volta) e actividades: Total horario de 7:30-13:30 horas	48 euros	24 euros
Mañanceiro (con ou sen almorzo e sen transporte de ida), actividades e comida (con transporte de volta): Total horario de 7:30 a 16:30 horas	104 euros= 72 euros (actividades) + 32 euros (comida)	52 euros= 36 euros (actividades) + 16 euros (comida)
Actividades e comida (con transporte de ida e de volta): Total horario de 9:30 a 16:30 horas	88 euros= 56 euros (actividades) + 32 euros (comida)	44 euros= 28 euros (actividades) + 16 euros (comida)
Só actividades (con transporte de ida e sen transporte de volta): Total horario de 9:30 a 13:30 horas	32 euros	16 euros

O prezo público e as reducións son as reflectidas no Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais.

Reducións para persoas que figuren empadroadas no municipio de Cambre e o soliciten:

- **Sobre a cota das actividades:** 20% carné xove ou carné da omix; 30% se ambos proxenitores ou o/a proxenitor/a (no caso de ser monoparental) ou o/a titor/a do/da participante acrediten figurar no rexistro do paro; 30% voluntariado de Cambre; 50% ao segundo participante cando se inscriba máis dun irmán da mesma unidade familiar; 50% familia numerosa; 100% informe dos Servizos Sociais de Cambre. Para o que deberán presentar a documentación que as acrediten
- **Sobre a cota da comida:** 70% (se o nivel de renda per cápita da unidade familiar 2020 é inferior ou igual ao IPREM), 40 % (se o nivel de renda per cápita da unidade familiar 2020 está comprendido entre o e ata 1,2 veces o IPREM) e 100% con informe remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre. Para o que deberán presentar a autorización para que o Concello de Cambre solicite á Axencia Tributaria o nivel de renda do ano 2020.

Para aplicar as reducións solicitadas polo solicitante deberán achegar coa solicitude a documentación que acredite tales situacións.

- Habará **servizo de transporte** para os que o soliciten, con paradas nos centros escolares e urbanización da Barcala e cos seguintes horarios aproximados:

PARADA	Horario de ida	Horario de volta
CEIP Plurilingüe Graxal	8:50 h	17:05 h
CEIP Portofaro	8:55 h	17:00 h
P. Bus rotonda entrada A Barcala	8:55 h	17:00 h
CEIP Emilio Glez. López de Brexo-Lema	9:05 h	16:50 h
CEIP GTB de Sigrás	9:15 h	16:40 h
CEIP Wenceslao Fdez. Flórez	9:25 h	16:30 h

IMPORTANTE: Estas paradas faranse se hai demanda para elas. Os horarios son aproximados, xa que poden variar en función das paradas que se fagan definitivamente en función da demanda existente para cada unha delas.

Para máis información poderase chamar ao departamento de Educación no nº de teléfono 981 613 291 ou enviar un correo electrónico a: educación@cambre.org